

## DECRETO DA ALCALDÍA

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DOS CONVENIOS ASINADOS CON SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A. RELATIVOS AO ABASTECIMIENTO DE AUGA A LUGO, FASE I, FASE II, FASE III E COLECTORES XERAIS.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 2-2021, por un importe total de 274.518,71 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas dos convenios asinados con Sociedad Mercantil Estatal de las Cuencas de España, S.A. relativos ao abastecemento de Auga a Lugo, Fase I, Fase II, Fase III e Colectores Xerais.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/119 de data 05/02/2021, así como RCMOD Ref.: 9174/2021, por importe de 274.518,71 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 274.518,71 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE CEDEN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE INCREMENTAN</u> <u>CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
16210.22799	274.518,71 €	16100.72300	07XX0120 14XX00006 10XX00034 13XX00013	70.068,34 € 108.023,79 € 75.267,76 € 21.158,82 €
<b>TOTAL CRÉDITO</b> <b>CEDIDO</b>	<b>274.518,71 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO</b> <b>DE CRÉDITO</b>		<b>274.518,71 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac6326536995148523320.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 2-2021 ACUAES

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.